

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 25 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5, 6, 7b, 9 e 10)
D. Secundino Otero Faiñe, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 1 e 11a)
D. Ignacio S. Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 7a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)

Lémbrese aos membros da Mesa que con data do 14 de xuño de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se requiriu ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L., a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido, recibíronse sendos escritos presentados o 21 de xuño de 2021 polo licitador clasificado en segundo lugar, DRINKS ATLANTIC, S.L. (documento nº 210109744) e o licitador clasificado en terceiro lugar, ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA, 2012, S.L. (documento nº 210109758) nos que renuncian ao lote 4. O primeiro xustifica a renuncia na imposibilidade de obter fabricante para que lle subministre o modelo de quiosco transitorio e o segundo en que debido ao atraso na licitación non ten capacidade



para cumprir co modelo transitorio.

Á vista da documentación anterior e de conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdense retiradas as ofertas dos licitadores clasificados en segundo e terceiro lugar, DRINKS ATLANTIC, S.L. e ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA, 2012, S.L., respectivamente.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o técnico medio en Topografía e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 17 e 18 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.249.120,00 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	1.212.800,00 €
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.217.760,00 €
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.203.200,01 €
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.222.560,01 €
6	UTE SERANCO S.A. - ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACION Y VIALES, S.L.	1.214.079,99 €
7	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	1.433.962,00 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.198.080,00 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asisten á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI número ****.*13.54***, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN e D. Felipe Carrascosa Hernández, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 21 de xuño de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AURORA, PILAR Y ANA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 21 de xuño de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 21 de xuño de 2021 de valoración do sobre C



"*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xuño de 2021, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Foxos – Teis" (710-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 21 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xuño de 2021, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 21 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xuño de 2021, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 18 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xuño de 2021, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penis de Abaixo" (705-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,14
2	MONTAJES J.M.IGLESIAS, S.L.	90,41
3	NAROM, S.L.	88,28
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	87,54
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	86,90
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,17
7	ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78,14
8	AVAN INTEGRAL, S.L.	59,88

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Foxos – Teis" (710-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Foxos – Teis" (710-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	87,59



Orde	Licitador	Puntuación total
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	85,41
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	83,96

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO S.L. (B-27.815.182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	93,86
2	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	93,08
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	83,73
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (*)	83,20
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (*)	83,20
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	80,74

(*) En cuarto lugar, as empresas CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U. e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A, COVSA atópanse empatadas coa mesma puntuación total.

A Mesa procederá ao desempate unicamente no suposto de que non se poida adxudicar o contrato a ningún dos clasificados nos tres primeiros postos.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	92,09
2	UTE GALAICONTROL, S.L. - GPO, S.L.U.	87,40
3	G.O.C., S.A.	85,57
4	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	83,80
5	NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN, S.L.	59,12

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-36.975.845 e B-85.097.962, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)

Dado que no punto 1 desta orde do día, a Mesa entendeu retiradas as ofertas dos licitadores clasificados en segundo e terceiro lugar, DRINKS ATLANTIC, S.L. e ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA, 2012, S.L., de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en cuarto lugar no lote 4 deste procedemento.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 28 de maio de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (B-27.801.869), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP): unicamente a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar. A documentación acreditativa da personalidade xurídica e da representación xa constan no expediente.*
2. *Acreditar ter subscrito unha póliza de responsabilidade en contía mínima de 300.000 euros para cubrir as contingencias que se puideran producir pola prestación do servizo (cláusula 9 do PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible na cláusula 10 do PCAP por importe de 1.200 euros por lote”.*

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dun vehículo de primeira saída para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 16 de marzo de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 16 de marzo de 2021

3º.- Autorizar o gasto por importe de 400.000,00 euros, do que 69.421,49€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 " Adquisición vehículo de 1º saída" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar un novo prego de prescricións técnicas particulares, de data 28 de abril de 2021, no que se rectificaron os apartados relativos ao SISTEMA DE REMOLQUE E ARRASTRE e ao REGULADOR AUTOMÁTICO DE PRESIÓN regulados nas páxinas 6 e 16, respectivamente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). En relación coa solvencia técnica e profesional, ademais do esixido na cláusula 8.4.3º, deberá presentarse a documentación requirida no apartado 5B do anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 11 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 20 e 22 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 3 de xuño de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ITURRI, S.A. (A-41.050.113) o procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 395.258,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 68.598,60 euros.
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 3 anos sobre o prazo mínimo fixado na cláusula 11 da FEC do PCAP (total 5 anos).
- c) Comprométese a respostar en caso de avaría no prazo de menos de 24 horas en todos os días do ano.
- d) Comprométese a realizar un mantemento preventivo do vehículo por un período de 10 anos cunha frecuencia de 6 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)

Dáse conta do recurso interposto o 10 de xuño de 2021 por D. Luis Miguel Pernas Hermida e D. Enrique Daniel Facal da Costa, en representación de BANCO DE SANTANDER, S.A. contra o acordo de non admisión. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 17 de xuño de 2021.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD47-5ADC37-BFDCB8-3TL6VH-3TFKK9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		